Universidade Vigo
Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
Distintivo de Igualdade
Centro certificado FIDES-AUDIT
Campus de Vigo
36310 Vigo
España
Tel. 986 812 205
minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

# Acta da Xunta de Escola ordinaria do 22 de xullo de 2026

Anexos:

I. Convocatoria de Xunta de Escola do 22/07/2026
II. Asistentes á Xunta de Escola do 22/07/2026
III. Informe da Directora
IV. Calendario académico e calendario de TFM do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027
V. Horarios e calendario de exames do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027
VI. Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2024/2025).*

Ábrese a sesión ás 12 horas e 30 minutos, en segunda convocatoria, na Aula de Grao da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía, presidida pola Directora, dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de xullo de 2026**.

O borrador da acta achegouse por correo xunto coa convocatoria.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, a acta da devandita sesión; esta será publicada na web do centro, na sección Escola / Ordenación Interna / Xunta de Escola, de acceso libre.

**2. Informe da Directora**

O informe da Directora recóllese no Anexo III.

**3. Aprobación, se procede, do calendario académico e o calendario de TFM do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora da titulación na UVIGO, quen sinala que, ao tratarse dunha titulación interuniversitaria, non deu tempo de presentalos xunto aos calendarios das outras titulacións impartidas no centro. Aclara que recollen os festivos de todas as sedes (Anexo IV).

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, os calendarios da titulación.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

**4. Aprobación, se procede, dos horarios e o calendario de exames do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027.**

A Directora cede a palabra a María Araújo, Coordinadora da titulación na UVIGO, quen indica que os horarios están consensuados coas outras sedes, sinala que a docencia está planificada por módulos, e que dous deles se imparten este curso de forma simultánea (Anexo V). Aclara que o documento recolle tamén o calendario de exames.

A Xunta de Escola aproba, por asentimento, os horarios e o calendario de exames da titulación.

A Directora agradece a María Araújo o traballo realizado.

**5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2024/2025)*.**

A Directora lembra que o cadro de mando é primeira fase no proceso de revisión anual do centro e das titulacións. Amosa o documento (ANEXO VI), sinala que ven de ser validado na Comisión de Calidade e comenta a súa estrutura, indicando que recolle a recompilación dos datos obtidos para os diferentes indicadores no curso 2024/2025 xunto coas metas fixadas e os datos dos dous cursos anteriores a modo de referencia.

A continuación cede a palabra a Guillermo García, Coordinador de Calidade, quen salienta os aspectos máis relevantes, sinalando as diversas fontes das que proceden os indicadores e indicando os que aínda non están publicados no Portal de Transparencia da UVIGO. Aclara que entre eses indicadores non publicados se atopan todos os relacionados co profesorado, dos que xa se falou en sesións anteriores da comisión; polo de agora, incluíronse no cadro de mando os últimos valores publicados (os do curso 2023/2024).

A Xunta de Escola aproba o rexistro por asentimento, delegando no Coordinador de Calidade a inclusión dos datos que faltan en canto se publiquen.

**6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2024/2025)*.**

A Directora indica que se retira o punto xa que, como se sinalou no punto anterior, hai indicadores que aínda non están publicados no Portal de Transparencia, polo que non é posible elaborar este documento. Engade que se compromete a elaboralo xunto co o Coordinador de Calidade e facilitalo á nova dirección do centro en canto sexa posible.

**7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía.**

Non hai.

## 8. Rogos e preguntas.

Elena Alonso aproveita para despedirse como directora da Escola e agradece a colaboración e o ambiente construtivo da comunidade da Escola e de forma específica agradece o traballo de todas as persoas que asumiron responsabilidades en diferentes ámbitos na escola durante estes anos (coordinadores/as de título, curso, Igualdade, Divulgación, Mentorización, PAT; Prácticas Externas, Mobilidade, Persoas Egresadas, TIC e Normalización Lingüística). Agradece tamén o traballo da administradora do centro, Ana Cacheiro, e do PTXAS do centro (áreas académicas e de xestión, asuntos económicos, conserxería, servizos informáticos e biblioteca), a Raquel Gandón, directora da Área de Calidade, a David Basalo, responsable da Unidade de Análises e Programas, a Juan Aguiar, Director da Área TIC e a Natalia Caparrini, Iago Pozo e David Patiño, que cando tiveron responsabilidades na UVIGO colaboraron co centro dentro das súas posibilidades. Agradece especialmente o traballo e a implicación de todas as persoas que formaron parte dos equipos de dirección (David Patiño, Iago Pozo, María Araújo, Guillermo García, Raquel Pérez, Francisco Deive e Iria Feijoó), das que destaca a súa profesionalidade, o seu talante construtivo, xenerosidade e vocación de servicio público, e a Carmen Romo que sempre buscou solucións para todos os problemas xurdidos e tivo un comportamento exemplar e unha paciencia infinita con todas as persoas que se achegan buscando unha solución aos seus problemas.

Non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión ás 12 horas e 50 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte e dous de xullo de dous mil vinte e seis.

Vº e Prace

| A Presidenta | O Secretario | O Director |
|---|---|---|
| Elena Alonso Prieto | Guillermo García Lomba | José Santiago Pozo Antonio |

# ANEXO I

Convocatoria de Xunta de Escola do 22/07/2026

INFORME DE FIRMA, no sustituye al documento original| C.S.V. : GEN-9902-42f8-0807-1b46-54f7-e837-9b09-1b86 | Puede verificar la integridad de este documento en la siguiente dirección: https://run.gob.es/hsb0d8bw6q

Universidade Vigo

Campus de Vigo
Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

**Asunto: Convocatoria ordinaria de Xunta de Escola**

Por orde da súa presidenta, convócase reunión ordinaria da Xunta de Escola da EE de Minas e Enerxía para o mércores, 22 de xullo de 2026.

A reunión terá lugar na Aula de Grao, ás 12:00 horas en primeira convocatoria e ás 12:30 horas en segunda, para tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 2 de xullo de 2026.
2. Informe da Directora.
3. Aprobación, se procede, do calendario académico e o calendario de TFM do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027.
4. Aprobación, se procede, dos horarios e o calendario de exames do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027.
5. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2024/2025)*.
6. Aprobación, se procede, do rexistro *R1 DE-03 Informe de Revisión pola Dirección (curso 2024/2025)*.
7. Aprobación, se procede, de documentación relativa ao Plan de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía
8. Rogos e preguntas.

Vigo, 15 de xullo de 2026
O Secretario

Guillermo García Lomba

**A TODOS OS MEMBROS DA XUNTA DE ESCOLA DA EE DE MINAS E ENERXÍA**

**CSV : GEN-9902-42f8-0807-1b46-54f7-e837-9b09-1b86**
DIRECCIÓN DE VALIDACIÓN : https://run.gob.es/hsb0d8bw6q
**FIRMANTE(1) : GUILLERMO GARCIA LOMBA | FECHA : 15/07/2026 13:48 | NOTAS : F**

# ANEXO II

Asistentes á Xunta de Escola Ordinaria do 22/07/2026

# ASISTENTES Á XUNTA DE ESCOLA DO 22/07/2026

## Persoal Docente e Investigador

1. Alonso Prieto, Elena
2. Andrés Herguedas, Laura
3. Araújo Fernández, María
4. Cabeza Simó, Marta
5. Caparrini Marín, Natalia
6. Deive Herva, Francisco Javier
7. Domínguez Santiago, Ángeles
8. Eguía Oller, Pablo
9. Feijoo Vázquez, Iria
10. García Bastante, Fernando
11. García Lomba, Guillermo
12. Giráldez Pérez, Eduardo
13. González Rodríguez, Elena
14. Liz Marzán, Eduardo
15. Patiño Vilas, David
16. Pazo Rodríguez, María
17. Pérez Orozco, Raquel
18. Pérez Pérez, Mª Carmen
19. Pérez Rey, Ignacio
20. Pozo Antonio, José Santiago
21. Rivas Brea, Teresa
22. Rodríguez Rodríguez, Ana María
23. Saavedra González, Ángeles
24. Taboada Castro, Javier
25. Vázquez Dorrío, José Benito

## Alumnado

–

## Persoal de Administración e Servizos

26. García Caurel, Jesús
27. Romo Pérez, Mª del Carmen

## Desculpan a súa ausencia

- Cordeiro Costas, Moisés
- Martínez Sánchez, Joaquín
- Vijande López, Javier

# ANEXO III

Informe da Directora

Universidade Vigo

Campus de Vigo

Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía

Distintivo de Igualdade

Centro certificado FIDES-AUDIT

Campus de Vigo
36310 Vigo
España

Tel. 986 812 205

minasyenergia.uvigo.es
eme.negociado@uvigo.es

# Informe da Directora
# Xunta de Escola, 22 de xullo de 2026

## 1 Actividades de representación

- 21 de xullo. Asistencia da directora en representación da Escola ao acto de inauguración do *Doctoral Conference in Energy, Technology and Industrial Processes,* congreso promovido polo Cintecx.

## 2 Reunións de traballo

- 8 de xullo. Reunión de Francisco Deive co *Vicerreitor de Infraestruturas, Enerxía e Mobilidade* para informar sobre o estado actual das obras pendentes de executar e das xa solicitadas (aula da antiga reprografía, entradas de auga e acondicionamento dos laboratorios 216, 217 e 101).

Agradécese o traballo realizado por Francisco Deive como responsable de infraestruturas do centro.

## 3 Relacións internacionais

### 3.1 Mobilidade Erasmus+

A directora informa de que o curso 2026/2027 a Escola recibirá 10 estudantes de intercambio Erasmus+ de mobilidade entrante.

Agradécese o traballo realizado por Francisco Deive como responsable de RRII do centro.

## 4 Desenvolvemento das titulacións

### 4.1 Defensa de TFG/TFM

Estase a celebrar a defensa de TFG/TFM na convocatoria da segunda oportunidade. O número de estudantado que está a defender o seu TFG/TFM é:

- Defensa TFG GEE: 11
- Defensa TFG GERME: 1
- Defensa TFM MUEM: 3.

### 4.2 Matrícula de novo ingreso

A directora informa que, á data actual, a matrícula de novo ingreso no Grao en Enxeñaría da Enerxía é de 52 estudantes e no Grao en Enxeñaría dos Recursos Mineiros e Enerxéticos é de 18 estudantes.

## 5 Profesorado

### 5.1 Carreira profesional

A directora informa da promoción a Profesor Titular de Universidade de Sergio Chapela, profesor da Escola adscrito á área "Máquinas e Motores Térmicos".

# ANEXO IV

Calendario académico e calendario de TFM do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027

# ANEXO V

Horarios e calendario de exames do Máster Universitario en Xestión Sostible da Auga para o curso académico 2026/2027

# ANEXO VI

Rexistro *R1 DE-02 Cadro de mando (curso 2024/2025)*